

José Manuel Pérez Fontán «Xeve»
(Pontevedra, 1973)



XUNTA
DE GALICIA

Na procura da excelencia

Cando era neno xogaba coas ferramentas do seu avó, un dos canteiros da ribeira do Lérez. Cos ciceis, facendo gravados... Co tempo, o neto de Manuel do Forno había seguir os seus pasos converténdose en mestre canteiro. Entrou con dezasete anos na Escola de Poio, e hoxe, con máis de tres décadas de experiencia, fala con paixón, orgullo e a precisión que aplica nas súas creacións dun oficio con miles de anos de antigüidade para o que reivindica un maior recoñecemento.

«Xeve», alcume polo que é coñecido Manuel (en referencia á parroquia natal) participou no ano 2011 na restauración da Casa do Cabildo e aos poucos meses estaba xa na catedral, na torre do Reloxo. «Ao principio era imponente. Despois, metidos en faena, esméraste por realizar unha restauración que era moi necesaria», di. A fachada do Obradoiro, a torre da Carraca, a cúpula da torre Sur... seguirían a unha época en Compostela na que alternou o traballo no templo por excelencia con encargos en San Paio de Antealtares ou na fonte de San Roque.

Ten colaborado con artistas de renome como Robert Morris, Dan Graham ou Francisco Leiro. Hoxe traballa para a firma lucense PCM, encargada, entre outros traballos, do remate da Sagrada Familia en Barcelona. Obra civil, restauracións e tamén encargos de particulares conforman o día a día de Xeve, orgulloso das súas raíces e con esperanzas dun futuro mellor para a profesión. Pode que o seu fillo máis novo, Marcel, siga a pegada da Casa do Forno, representada na marca deste mestre canteiro.











A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

